

	IES MARÍA CASARES. Departamento de TECNOLOXÍA		<b>1ºESO</b> 2023-2024
	<b>MATERIA</b>	<b>TECNOLOXÍA E DIXITALIZACIÓN</b>	
	PROFESOR/A	Teresa Cotón, M Dolores Feijoo e Andrés Lariño	

CONTIDOS	
1 a A V A L I A C I Ó N	<p><b>1 A tecnoloxía:</b> Fases do proceso tecnolóxico, os espazos de traballo, normas de seguridade, sinalización, memoria técnica, orzamento, desenvolvemento tecnolóxico e tecnoloxía sostible.</p> <p><b>2 A expresión gráfica no deseño e fabricación de obxectos:</b> Normalización, técnicas de representación, vistas, acoutamento, escalas, aplicacións CAD</p> <p><b>3 As TIC no proceso tecnolóxico:</b> Elementos de hardware e software, propiedade intelectual, seguridade na rede, boas prácticas de traballo.</p> <p><b>4 As estruturas:</b> Tipos de estruturas, esforzos, construción de modelos, materiais para a fabricación de modelos, deseño de sistemas que empreguen estruturas.</p>
2 a A V A L I A C I Ó N	<p><b>5 Documentación de proxectos:</b> Vocabulario técnico apropiado, ferramentas de edición e creación de contidos.</p> <p><b>6 Mecanismos:</b> clasificación, transmisión lineal e de xiro, principais mecanismos de transmisión e transformación do movemento, deseño de sistemas que incorporen mecanismos.</p> <p><b>7 A electricidade I :</b> A corrente eléctrica e os seus efectos, elementos dun circuito eléctrico, magnitudes eléctricas e a súa medida, deseño de sistemas que incorporen circuitos eléctricos.</p>
3 a A V A L I A C I Ó N	<p><b>A electricidade (continuación)</b></p> <p><b>8 Programación:</b> Algoritmos, o erro, depuración de erros, aplicacións informáticas.</p> <p><b>9 Sistemas de control e robots:</b> Compoñentes básicos dun sistema de control, sensores, actuadores e controladores. Sistemas de control programado, resolución de problemas.</p>

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

	PORCENTAXE DO TOTAL	
FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	1ª Avaliación	2ª e 3ª avaliación
PROBA ESCRITA: Probas obxectivas de coñecemento individuais	60,00%	50%
TÁBOA INDICADORES: Traballos individuais e actividades tanto en papel como en formato dixital.	20,00%	20%
TÁBOA INDICADORES: Traballo no taller	Proxecto 10% Memoria 10%	Proxecto 15% Memoria 15%
<p>A cualificación de cada unha das 3 avaliacións do curso, virá dada pola media ponderada das cualificacións das unidades didácticas desenvolvidas na avaliación. <b>*(ver observacións)</b></p>		
NOTA MEDIA XUÑO		
<p>A cualificación final do curso virá dada pola media das cualificacións de cada unha das 3 avaliacións do curso, non podendo ter menos de un 4 en ningunha das avaliacións.</p> <p>No caso de ter algunha avaliación con media menor de 4 e/ou que a nota final do curso sexa menor que 5 deberá recuperar materia.</p> <p><b>Cálculo da nota final do curso:</b>  <b>NOTA FINAL =</b> Media das tres avaliacións (nota mínima un 4 en cada avaliación)</p>		
CRITERIOS DE RECUPERACIÓN		
<p>Ao longo do curso, o profesorado concretará aqueles traballos e tarefas que o alumnado poderá entregar de novo dentro dun prazo establecido para recuperalos.</p> <p>En cada unha das avaliacións o alumnado que non acade un 50% na nota nas PE (probas obxectivas de avaliación) deberá realizar unha proba de recuperación dos contidos da avaliación.</p> <p>Nas 3 últimas semanas do curso, o alumnado que o precise, deberá realizar tarefas e probas de recuperación daquelas unidades didácticas que non superase no seu momento.</p> <p>No caso de alumnado con algunha avaliación non superada a nota final recalcularase tendo en conta a nota da avaliación recuperada na proba final ou a nota da proba final de ser o caso de ter que recuperar toda a materia.</p> <p>O alumnado que na primeira semana de xuño teña acadado unha cualificación de 5 ou máis de 5 na media ponderada das tres avaliacións, poderá realizar actividades de reforzo e ampliación que lle permitirán subir a súa cualificación nalgunha das unidades didácticas do curso. Neste caso a cualificación final será recalculada seguindo o mesmo criterio que a nota final do curso modificando a nota da avaliación na que se mellore a media.</p>		

**\*OBSERVACIÓNS:** \*En cada avaliación o aprobado obtense cunha media igual ou superior a 5 e sempre que se obteña un 40% como mínimo en cada unha das ferramentas de avaliación. De obterse cualificación negativa o alumnado deberá superar a avaliación mediante a entrega das tarefas pendentes ou a recuperación da proba escrita correspondente.

**EXAMES:** Se un alumno non se presenta a un exame deberá presentar xustificante médico e acordarse co profesor unha data para a realización da proba.